

CURSO 2021-22

EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA)-5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

1.- Competencias clave:

1. Competencia en comunicación lingüística (CCL). Refírese á habilidade para utilizar a lingua, expresar ideas e interactuar con outras persoas de xeito oral ou escrita.
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT). A primeira alude ás capacidades para aplicar o razoamento matemático para resolver cuestións da vida cotiá; a competencia en ciencia céntrasenas habilidades para utilizar os coñecementos e metodoloxía científicos para explicar a realidade que nos rodea; e a competencia tecnolóxica, en como aplicar estes coñecementos e métodos para dar resposta aos desexos e necesidades humanos.
3. Competencia dixital (CD). Implica o uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información.
4. Aprender a aprender (CAA). É unha das principais competencias, xa que implica que o alumno desenvolva a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, organizar as súas tarefas e tempo, e traballar de xeito individual ou colaborativo para conseguir un obxectivo.
5. Competencias sociais e cívicas (CSC). Fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e participar de xeito activo, participativa e democrático na vida social e cívica.
6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e cestionar proxectos.
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC). Fai referencia á capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música, as artes plásticas e escénicas ou a literatura.

2.- Obxectivos da educación primaria.

- a) A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permita:
- b) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- c) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- d) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- e) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- f) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- g) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- h) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- i) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- j) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- k) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- l) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- m) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

- n) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- o) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- p) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

3.- Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL				
j e	B1.1. Indagación sobre as posibilidades plásticas dos elementos naturais e o seu uso con fins expresivos.	B1.1. Distinguir as diferenzas fundamentais entre as imaxes fixas e en movemento, clasificándoas seguindo patróns aprendidos.	EPB1.1.1. Recoñece as imaxes fixas e en movemento e clasifícaaas	CCEC CSIEE
			EPB1.1.2. Debuxa aspectos da vida cotiá.	
j e	B1.2. Exploración das posibilidades de materiais, texturas, formas, cores etc. sobre diferentes soportes. B1.3. Análise da interrelación dos códigos e a intencionalidade comunicativa. B1.4. Interese por aplicar ás	B1.2. Identificar e describir os materiais, utensilios e soportes, texturas, formas e cores; comprobando as posibilidades que achegan para a creación artística.	EPB1.2.1. Identifica os recursos e os materiais utilizados para elaborar unha obra.	CCEC CCL
			EPB1.2.2. Analiza as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores aplicadas sobre diferentes soportes.	CCEC

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>representacións plásticas os descubrimentos obtidos na exploración de materiais.</p> <p>B1.5. Exploración das posibilidades expresivas da liña segundo a forma, a dirección, a situación espacial e a sensación de movemento e de repouso.</p>			
j e	<p>B1.6. Documentación, rexistro e valoración de formas artísticas e artesanais representativas da expresión cultural.</p> <p>B1.7. Realización de fotografías (enfoque e planos) para enriquecer un informe, para recoller actividades de centro, para ilustrar unha noticia,...</p>	<p>B1.3. Aproximarse á lectura, análise e interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo, de maneira crítica, o significado e función social, sendo capaz de elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.</p>	<p>EPB1.3.1 . Coñece a evolución da fotografía desde o branco/negro á cor, do formato papel ao dixital, e valora as posibilidades que proporciona a tecnoloxía.</p>	<p>CCEC CCL</p>
			<p>EPB 1.3.2. Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando, a posteriori, se o encadre é o máis axeitado para o propósito inicial.</p>	<p>CCEC CCL</p>
			<p>EPB 1.3.3. Recoñece os diferentes temas da fotografía.</p>	<p>CCEC</p>
BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA				
j e	<p>B2.1. Uso de texturas para caracterizar imaxes e obxectos, e para o tratamento de imaxes dixitalizadas.</p> <p>B2.2. Preparación de documentos</p>	<p>B2.1. Experimentar coas imaxes como unha ferramenta para deseñar documentos de información</p>	<p>EPB2.1.1. Realiza composicións que transmitan emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos para os axustar ás necesidades.</p>	<p>CCEC CSIEE CCL</p>

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>proprios da comunicación artística: carteis, programas e guías.</p> <p>B2.3. Disposición á orixinalidade e á espontaneidade á hora de plasmar ideas.</p>	e comunicación (carteis, guías, folletos etc.)	EPB2.1.2. Busca un cartel e confecciona o seu propio anuncio.	CCEC CSIEE
j e a	<p>B2.4. Comparación entre as formas que a representación do espazo adopta en diferentes áreas ou ámbitos, como mapas de estradas, guías, pintura de paisaxes e planos.</p> <p>B2.5. Construción de estruturas e transformación de espazos usando nocións métricas e de perspectiva.</p> <p>B2.6. Establecemento de revisións e reflexión sobre o traballo.</p>	B2.2. Realizar planos, mapas e carteis, individualmente e en grupo; manexando as ferramentas básicas do debuxo xeométrico.	EPB2.2.1. Confecciona planos, e mapas simples coa axuda das ferramentas básicas, individualmente e en grupo.	CCEC CMCCT CSC
			EPB2.2.2. Utiliza e manexa os elementos que estruturan o espazo gráfico (cuadrícula).	CCEC CMCT
			EPB2.2.3. Participa nas actividades propostas e amosa interese por elas, colaborando sempre que se trate dun traballo en grupo	CSC
j e	<p>B2.7. Análise das formas de representación de volumes no plano segundo o punto de vista ou a situación no espazo.</p> <p>B2.8. Representación con distinta intencionalidade de formas abertas e pechadas, e dos límites e contornos e superficies.</p>	B2.3. Imaxinar, debuxar e elaborar obras tridimensionais con diferentes materiais.	EPB2.3.1. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas.	CCEC CCL
			EPB2.3.2. Experimenta coa superposición de planos para crear volume.	CCEC CMCT
			EPB2.3.3. Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.	CCEC CMCT

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			EPB2.3.4. Combina e analiza as cores para as utilizar correctamente na composición.	CCEC
			EPB2.3.5. Aproveita a diferenza das texturas achegadas polos lapis de cores e as ceras.	CCEC
			EPB2.3.6. Constrúe obxectos tridimensionais.	CCEC CSIEE
j h	<p>B2.9. Uso de texturas para caracterizar obxectos e imaxes.</p> <p>B2.10. Aplicación da posibilidade expresiva da liña, segundo a forma, a dirección, a situación no espazo e a sensación de movemento ou repouso.</p> <p>B2.11. Recreación de espazos imaxinados aplicando conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción.</p>	B2.4. Representa, de forma persoal, ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.	EPB2.4.1. Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, cores e tamaños axeitados.	CCEC CAA
			EPB2.4.2. Organiza os espazos das súas producións bidimensionais, utilizando conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción.	CCEC CMCT
			EPB2.4.3. Analiza e compara as texturas naturais e artificiais, así como as texturas visuais e táctiles, sendo capaz de realizar traballos artísticos utilizando estes coñecementos.	CCEC CMCT
			EPB2.4.4. Distingue o tema ou xénero de obras plásticas.	CCEC CMCT
			EPB2.4.5. Realiza imaxes humanas, animais e casas, partindo dun bosquexo.	CCEC

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
				CSIEE
a b c	<p>B2.12. Constancia e esixencia progresiva no proceso de realización de tarefas plásticas aplicando estratexias creativas e respectando as normas previamente establecidas.</p> <p>B2.13. Seguimento das normas e das instrucións de manexo e conservación de instrumentos, materiais e espazos.</p> <p>B2.14. Asunción de responsabilidades no traballo individual e colectivo.</p>	<p>B2.5. Participar con interese, coidando e respectando o material, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, respectando as normas e as regras previamente establecidas.</p>	EPB2.5.1. Valora os elementos e os recursos empregados para conseguir o efecto que máis se axuste ao resultado final.	CCEC CSC
			EPB2.5.2. Coida e respecta os materiais, os utensilios e os espazos utilizados.	CSC
			EPB2.5.3. Participa e amosa interese polas actividades propostas, colaborando na recollida e na organización do material.	CSC
h b	<p>B2.15. Elaboración de deseños previos á realización dunha obra para chegar ao resultado final con orde e limpeza.</p> <p>B2.16. Establecemento de protocolos de organización, orde, limpeza e presentación.</p>	<p>B2.6. Aposar interese polo traballo, apreciando e valorando a correcta realización de actividades e a presentación.</p>	EPB2.6.1. Completa e realiza os debuxos utilizando os coñecementos aprendidos.	CCEC CSC
			EPB2.6.2. Presenta as tarefas con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas.	CSC CCEC
			EPB2.6.3. Aposar interese polo traballo e a aplicación, apreciando a correcta realización dos exercicios e actividades.	CSC CCEC
i j	<p>B2.17. Documentación sobre producións artísticas nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación para un sinxelo tratamento das imaxes, o</p>	<p>B2.7. Utilizar e manexar as tecnoloxías da información e da comunicación como medio de información, investigación e deseño.</p>	<p>EPB2.7.1. Emprega as novas tecnoloxías para se iniciar no deseño dixital, no tratamento de imaxes ou na animación.</p>	CD CCEC

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	deseño, a animación e a difusión dos traballos elaborados.			
BLOQUE 3. DEBUXO XEOMÉTRICO				
h j	<p>B3.1. Exploración das posibilidades da liña recta para iniciar os traballos de xeometría.</p> <p>B3.2. Seguimento de normas e das instrucións de manexo das ferramentas básicas do debuxo técnico.</p>	B3.1. Coñecer e utilizar as ferramentas básicas do debuxo xeométrico.	EPB3.1.1 Coñece e usa as principais ferramentas básicas do debuxo xeométrico (regra, escuadro, cartabón, semicírculo etc.)	CCEC CMCCT
			EPB3.1.2. Utiliza o trazado de rectas paralelas.	CCEC CMCCT
			EPB3.1.3. Traza ángulos rectos, de 30 e de 60 graos utilizando as ferramentas básicas.	CCEC CMCCT
			EPB3.1.4. Manexa os efectos visuais da perspectiva para debuxar triángulos e cuadriláteros.	CCEC CMCCT
			EPB3.1.5. Representa e aplica adecuadamente o eixe de simetría.	CCEC CMCCT
			EPB3.1.6. Representa formas xeométricas con precisión e coa axuda da cuadrícula e as ferramentas básicas.	CCEC CMCCT

4.- Vinculación entre estándares de aprendizaxe, con indicación dos mínimos esixibles para promocionar,e instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.

Estándares de aprendizaxe	1ª AV	2ª AV	3ª AV	MIN	Instrumentos de avaliación	Criterios de cualificación
EPB1.1.1. Recoñece as imaxes fixas e en movemento e clasifícaas	X	X	X	X	Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%
EPB1.1.2. Debuxa aspectos da vida cotiá.	X	X	X		Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%
EPB1.2.1. Identifica os recursos e os materiais utilizados para elaborar unha obra.	X	X	X		Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%
EPB1.2.2. Analiza as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores aplicadas sobre diferentes soportes.	X	X	X		Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%
EPB1.3.1 . Coñece a evolución da fotografía desde o branco/negro á cor, do formato papel ao dixital, e valora as posibilidades que proporciona a tecnoloxía.	X	X	X		Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%
EPB 1.3.2. Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando, a posteriori, se o encadre é o máis axeitado para o propósito inicial.	X	X	X		Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%
EPB 1.3.3. Recoñece os diferentes temas da fotografía.	X	X	X		Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%

Estándares de aprendizaxe	1ª AV	2ª AV	3ª AV	MIN	Instrumentos de avaliación	Criterios de cualificación
EPB2.1.1. Realiza composicións que transmitan emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos para os axustar ás necesidades.	X	X	X	X	Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%
EPB2.1.2. Busca un cartel e confecciona o seu propio anuncio.	X	X	X		Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%
EPB2.2.1. Confecciona planos, e mapas simples coa axuda das ferramentas básicas, individualmente e en grupo.	X	X	X		Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%
EPB2.2.2. Utiliza e manexa os elementos que estruturan o espazo gráfico (cuadrícula).	X	X	X	X	Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%
EPB2.2.3. Participa nas actividades propostas e amosa interese por elas, colaborando sempre que se trate dun traballo en grupo	X	X	X		Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%
EPB2.3.1. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas.	X	X	X		Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%
EPB2.3.2. Experimenta coa superposición de planos para crear volume.	X	X	X		Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%
EPB2.3.3. Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.	X	X	X		Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%
EPB2.3.4. Combina e analiza as cores para as utilizar correctamente na composición.	X	X	X	X	Observación sistemática	50% 50%

Estándares de aprendizaxe	1ª AV	2ª AV	3ª AV	MIN	Instrumentos de avaliación	Criterios de cualificación
					Análise das producións dos alumnos	
EPB2.3.5. Aproveita a diferenza das texturas achegadas polos lapis de cores e as ceras.	X	X	X		Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%
EPB2.3.6. Constrúe obxectos tridimensionais.	X	X	X		Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%
EPB2.4.1. Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, cores e tamaños axeitados.	X	X	X		Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%
EPB2.4.2. Organiza os espazos das súas producións bidimensionais, utilizando conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción.	X	X	X		Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%
EPB2.4.3. Analiza e compara as texturas naturais e artificiais, así como as texturas visuais e táctiles, sendo capaz de realizar traballos artísticos utilizando estes coñecementos.	X	X	X		Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%
EPB2.4.4. Distingue o tema ou xénero de obras plásticas.	X	X	X		Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%
EPB2.4.5. Realiza imaxes humanas, animais e casas, partindo dun bosquejo.	X	X	X	X	Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%
EPB2.5.1. Valora os elementos e os recursos empregados para conseguir o efecto que máis se axuste ao resultado final.	X	X	X		Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%

Estándares de aprendizaxe	1ª AV	2ª AV	3ª AV	MIN	Instrumentos de avaliación	Criterios de cualificación
EPB2.5.2. Coida e respecta os materiais, os utensilios e os espazos utilizados.	X	X	X	X	Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%
EPB2.5.3. Participa e amosa interese polas actividades propostas, colaborando na recollida e na organización do material.	X	X	X	X	Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%
EPB2.6.1. Completa e realiza os debuxos utilizando os coñecementos aprendidos.	X	X	X		Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%
EPB2.6.2. Presenta as tarefas con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas.	X	X	X	X	Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%
EPB2.6.3. Amosa interese polo traballo e a aplicación, apreciando a correcta realización dos exercicios e actividades.	X	X	X		Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%
EPB2.7.1. Emprega as novas tecnoloxías para se iniciar no deseño dixital, no tratamento de imaxes ou na animación.	X	X	X		Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%
EPB3.1.1 Coñece e usa as principais ferramentas básicas do debuxo xeométrico (regra, escuadro, cartabón, semicírculo etc.)	X	X	X	X	Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%
EPB3.1.2. Utiliza o trazado de rectas paralelas.	X	X	X		Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%
EPB3.1.3. Traza ángulos rectos, de 30 e de 60 graos utilizando as ferramentas básicas.	X	X	X		Observación sistemática	50% 50%

Estándares de aprendizaxe	1ª AV	2ª AV	3ª AV	MIN	Instrumentos de avaliación	Criterios de cualificación
					Análise das producións dos alumnos	
EPB3.1.4. Manexa os efectos visuais da perspectiva para debuxar triángulos e cuadriláteros.	X	X	X		Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%
EPB3.1.5. Representa e aplica adecuadamente o eixe de simetría.	X	X	X		Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%
EPB3.1.6. Representa formas xeométricas con precisión e coa axuda da cuadrícula e as ferramentas básicas.	X	X	X		Observación sistemática Análise das producións dos alumnos	50% 50%

5.- Elementos transversais.

Traballaranse en tódalas disciplinas:

- A comprensión lectora,
- A expresión oral e escrita,
- A comunicación audiovisual,
- As tecnoloxías da información e a comunicación,
- O emprendemento e a educación cívica e constitucional
- Os valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero.

- Os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- A prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- A prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.
- Prevención de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
- Desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco derivadas da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, así como a protección ante urxencias e catástrofes.
- Desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- Educación e seguridade viaria

6.- Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave.

Na metodoloxía a empregar teranse sempre en conta a presenza da auxiliar e facilitará o desenvolvemento dos seguintes aspectos:

a) Posibilitar a práctica da conversa oral na lingua estranxeira.

b) Achegar ao alumnado á cultura do país onde se fala a lingua estranxeira, mediante a presentación de temas de actualidade e actividades lúdicas.

c) Apoiar e motivar ao alumnado cos medios necesarios para facilitar a súa comunicación na lingua estranxeira.

6.1. Principios metodolóxicos

Emprego dun estilo educativo asertivo. Fuxindo dunha postura inhibicionista tanto coma da concepción punitiva, practícase unha actitude comprensiva coas posibilidades e características do alumnado, buscando a súa mellora permanente e guiando as súas aprendizaxes. Como reforzo do esforzo, da conduta adaptativa ou do traballo ben feito úsase fundamentalmente o eloxio constante, ao mesmo tempo que se ignora ou se reprende o comportamento inadecuado. Esta discriminación condutual, xunto co trato respectuoso e xusto favorecerán a autoestima, o rendemento escolar e a convivencia pacífica, contribuíndo ao desenvolvemento do clima escolar necesario.

Procura de aprendizaxes significativos. Nas diferentes unidades de ensino-aprendizaxe procurárase sempre

- Que os contidos sexan lóxicos e coherentes, con estrutura e vocabulario adaptados ao alumnado ao que se dirixen.
- Que o alumnado teña os coñecementos previos necesarios para comprender os novos contidos e que estes estean activados.
- Que o alumnado teña a predisposición, a actitude, o interese e a motivación necesarias para interactuar cos contidos que lle propomos.

Desenvolvemento de traballo por proxectos e traballos de investigación. Sen olvidar as aprendizaxes por recepción, baseadas nas explicacións e na presentación de contidos por parte do profesorado, iranse promovendo traballos nos que, coa guía do profesorado, será o alumnado (só ou en cooperación cos seus compañeiros) o que busca a información, a traballa e elabora con ela algún tipo de produto, que presenta aos demais. A biblioteca e as TIC serán recursos fundamentais para o desenvolvemento destes traballos.

Metodoloxías activas. O alumno non pode quedar en unha recepción pasiva de coñecementos. Promóvese a actividade mental do alumno, que deberá traballar a información que recibe, enlazándoa cos seus coñecementos previos, dándolle sentido, esforzándose por entendela e buscando un cambio nos seus esquemas de coñecemento. As técnicas de traballo intelectual e comprensión lectora (resúmenes, esquemas...) ou o tipo de traballo que mencionamos no punto anterior, son fórmulas eficaces para promover esa actividade mental necesaria.

Atención á diversidade. Ter en conta as **peculiaridades** (ritmos e estilos de aprendizaxe, capacidades, etc.) de cada grupo e de cada neno/a concreto. Cada alumno ten as súas necesidades educativas e algúns presentan necesidades educativas especiais que deberán ser atendidas.

Traballo cooperativo. É preciso promover as **relacións entre iguais** para favorecer a confrontación e a modificación dos puntos de vista propios.

Contribución ao desenvolvemento da capacidade “de aprender a aprender”.

As sucesivas unidades de ensino-aprendizaxe que se desenvolven no centro irán encamiñadas a que o alumnado aprenda a regular os seus propios procesos de aprendizaxe, é dicir a planificar, supervisar e avaliar o seu comportamento cando se enfronta a calquera tarefa escolar.

Cooperación e complicitade coas familias do alumnado, como requisito de primeiro orde para conseguir os obxectivos educativos do currículo escolar.

6.2. Secuenciación das actividades de ensino-aprendizaxe.

A concreción da metodoloxía maniféstase na secuencia e no tipo de actividades que o profesorado programa e que logo desenvolve na aula co alumnado. A secuencia base das actividades educativas aproxímarase á seguinte:

6.2.1.- Actividades para a presentación do centro de interese a traballar da forma máis chamativa posible, tratando de despertar a atención do alumnado e de motivalo cara as novas aprendizaxes, mediante vídeos, lecturas, xogos...

6.2.2.- Actividades de indagación/explicitación das ideas previas dos alumnos/as:

- **Informar** aos alumnos/as sobre os novos contidos a tratar, buscándolle **relación con outros contidos tratados con anterioridade.**

- Facer **preguntas** que obriguen aos distintos alumnos/as a relacionar os novos contidos con diferentes situacións funcionais e **que permitan identificar que tipos e graos de coñecemento** teñen sobre o tema.
- Promover a **intercomunicación do alumnado** sobre as novas cuestións (isto dá unha información importante para formar grupos).
- **Rexistrar** en instrumentos adecuados a información sobre a situación inicial dos alumnos/as.

6.2.3.- Actividades para a aprendizaxe dos novos contidos:

Usaranse fundamentalmente dúas vías:

a) Presentación dos novos contidos por parte do profesor/a:

- profesor presentará o **novo contido de xeito claro, ben estruturado dende o punto de vista lóxico, usando demostracións, exemplos, formatos diferentes (imaxe, vídeos, esquemas...)** e **posibles aplicacións a casos prácticos**.
- Inmediatamente despois alumnos e alumnas con diferentes capacidades e coñecementos previos **resolverán exemplos semellantes** diante dos compañeiros, quedando para o final os menos competentes respecto a eses contidos.
- Analizaranse con todo o grupo **actividades xa resoltas** (ben ou mal).
- Proporanse **actividades de igual complexidade** cós exemplos do mestre/a para que os alumnos/as os fagan **autonomamente**.
- Organizaranse **actividades en pequenos grupos heteroxéneos** (en canto a capacidade e coñecementos previos) que rematan cunha exposición dos resultados ó grupo clase (con intervención de todos).

b) Traballos de investigación ou busca de información por parte do alumnado coa guía do profesor:

- Escóllese o tema a traballar (mellor coa participación do alumnado).
- Estúdanse as concepcións previas do alumnado sobre o tema.
- Concrétanse os aspectos que queremos descubrir (que queremos saber?).

- O profesorado propón os recursos (en papel ou na rede) que se consultarán para responder as preguntas.
- O alumnado busca a información nas fontes propostas.
- O alumnado traballa a información e con ela elabora un produto final (un documento, un mural, unha presentación...), para mostrarlle aos demais as súas conclusións.

6.2.4.- Actividades de xeneralización e de aplicación das aprendizaxes adquiridas:

- O profesor explica con claridade, con exemplos e demostracións, como os contidos aprendidos se aplican a diferentes situacións. Irá aplicando o novo contido a diferentes variables e explicitando os pasos para resolver a situación.
- Propóranselle aos alumnos/as actividades de diferentes graos de complexidade, dándolle opción a que cada un elixa a que máis se adapte á súa competencia. O grao de complexidade virá dado en función de:
 - o Parecido coas actividades de aprendizaxe.
 - o Número de variables a ter en conta.
 - o Grao de dirección da actividade.
- Organizaranse actividades de tutoría de alumnos por parellas ou en pequenos grupos.

6.2.5.- Actividades de exercitación e memorización:

- Organizar **actividades de reforzo** (co mesmo grao de complexidade que as anteriores) e de **ampliación** (mesmos contidos en situacións diferentes).
- Organizar **novas actividades de tutoría entre iguais**, actuando os máis competentes como modelos.

6.2.6.- Actividades de aplicación práctica das aprendizaxes a situacións concretas da vida real (implican resolver situacións problemáticas similares ás presentadas na avaliación das competencias básicas):

- Propoñer algún **traballo que leve consigo algún tipo de produto**, para que o alumno/a aplique as aprendizaxes adquiridas: unha saída,

situación de laboratorio, cartel-mural resume, exposición ó grupo clase..... Propóranse varios **traballos de distinta complexidade**.

7.- Materiais e recursos didácticos.

- Materiais didácticos propostos polos profesores, de forma individual e en equipo.
- Material fotocopiado.
- Ordenadores .
- Pantalla dixital e proxector de aula.
- Plataforma Edixgal.
- Páxinas Web
- Recursos do contorno.
- Aula virtual.

8.- Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo entre o 10 e o 30 de setembro. Farase en base ás seguintes accións:

- Análise das actas finais do curso anterior de cada grupo de alumnos.
- Análise dos informes individualizados ou informes psicopedagóxicos que poida haber de cada alumno.
- Observación da actividade escolar de cada grupo e de cada un dos alumnos/as durante o traballo de aula..
- Realización de probas específicas de avaliación inicial elaboradas previamente polo profesorado en base aos estándares de aprendizaxe do curso anterior.
- Valoración dos resultados e toma de decisións para recoller as medidas que se consideren oportunas na programación didáctica.

- Reunión da avaliación inicial durante a primeira semana de outubro.
- Rexistro dos datos da avaliación inicial nos documentos do profesorado e no XADE.

9.- Procedemento de avaliación continua.

Cada titor/a coordinará o desenvolvemento da avaliación continua que será realizada polo Equipo Docente de xeito colexiada.

Os profesores/as de cada área informarán ao alumnado sobre os obxectivos, competencias básicas, contidos e estándares de aprendizaxe que se lle van pedir. Esta información será xeral ao principio de curso e máis concreta ao comezo de cada unidade didáctica.

Para a avaliación continúa terase en conta toda a actividade desenvolvida polo alumnado: tarefas que realiza diariamente na aula (exercicios de libro de texto, exercicios de caderno, traballos, participación oral...), probas escritas periódicas, esforzo e actitude.

Cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, adoptaranse as medidas de atención á diversidade que procedan: reforzo educativo, adaptación curricular non significativa, apoio pedagóxico por parte do profesorado encargado desta tarefa, compromiso educativo coas familias...

Durante o curso celebraranse tres sesións de avaliación, que coincidirán cos finais de cada un dos trimestres. De cada unha destas sesións o titor/a de o grupo levantará acta coas decisións e acordos adoptados.

Posteriormente a estas sesións de avaliación, o titor/a informará ás familias sobre o resultado da avaliación, por escrito, mediante o boletín de notas, e introducirá as cualificacións no XADE.

Independentemente destas reunións, a relación entre titor e familia deberá ser continua ao longo do curso escolar, debéndose intensificar as entrevistas coas familias de alumnos cuxo rendemento non sexa adecuado. Cada titor/a terá un rexistro de visitas de pais/ nais.

A final de cada curso, o titor/a entregará ás familias información máis detallada da evolución do seu fillo/a, indicando os aspectos que deben mellorarse. Esta información referirase aos obxectivos de cada área e ao grado de adquisición das competencias clave.

Esta información curricular será incluída polo titor no expediente académico.

Procedemento para a toma de decisión da promoción de nivel:

- Ao finalizar o curso, o equipo docente de nivel, reunido en sesión de avaliación final, deberá decidir sobre a promoción de cada un dos alumnos e alumnas ao curso seguinte.
- A decisión debe ser consensuada por todo o profesorado, debendo ter especial consideración a información do titor ou titora. En caso de non existir acordo prevalecerá a opinión do titor/a.
- No caso que un titor ou titora considere que é máis adecuado que un alumno/a permaneza un ano máis no mesmo curso, deberá entrevistarse coas familias (antes de que o Equipo Educativo tome a decisión), a fin de solicitar a súa opinión sobre tal medida. De devandita entrevista deberá quedar constancia escrita.

10.- Medidas de atención á diversidade

Ás clases de plástica asistirá, como norma xeral, todo o alumnado do grupo, sen que ninguén saia a recibir apoio fóra de aula. Tampouco contarán, habitualmente, con ningún profesorado de apoio. Polo tanto, as medidas fundamentais de atención á diversidade que se poñerán en marcha serán aquelas que axuden a xestionar o grupo completo tendo en conta, na maior medida posible, as necesidades específicas de cada un dos seus integrantes. As metodoloxías propostas son as principais medidas de atención á diversidade. Ademais, na programación de aula ou na programación de cada unha das unidades didácticas concretaranse medidas específicas para desenvolver ao longo do curso, entre as que poderían contemplarse, entre outras:

- Priorizar os obxectivos e contidos que se consideren fundamentais para futuras aprendizaxes, que teñan funcionalidade e aplicación práctica e que fagan referencia a procedementos.
- Partir sempre dos coñecementos previos de cada alumno.
- Diseñar actividades que teñan diferentes graos de realización e dificultade e que permitan distintos modos de execución.
- Diseñar actividades diversas para traballar un mesmo contido e/ou actividades de reforzo para afianzar os contidos mínimos.
- Propoñer actividades que se leven a cabo con distintos tipos de agrupamentos: pequeno grupo, gran grupo, individual.
- Planificar actividades de libre execución por parte dos alumnos segundo os seus intereses.

- Planificar actividades que faciliten a manipulación e que teñan aplicación na vida cotiá para relacionar o estudado co entorno e darlle maior significatividade.
- Distribución heteroxénea do alumnado.
- Ubicación do alumnado con necesidades específicas nos lugares que máis lle favorezan.
- Plantexar sesións onde se alternen a explicación de teoría coa realización de exercicios prácticos.
- Priorizar métodos que favorezan a expresión directa, a reflexión, a comunicación e o descubrimento.
- Adecuar a linguaxe do material de estudo segundo o nivel de comprensión dos alumnos/as (especialmente para os alumnos/as con neae).
- Seleccionar técnicas e estratexias metodolóxicas que sendo útiles para todos os alumnos/as, tamén o sexan para os que presentan dificultades de aprendizaxe e neae. Son especialmente adecuadas: técnicas de demostración e modelado, técnicas de traballo cooperativo, titorías entre iguais, traballo por proxectos, ...
- Favorecer o tratamento globalizado e interdisciplinar dos contidos de aprendizaxe buscando a xeneralización.
- Partir das motivacións e intereses dos nenos/as (centros de interese).
- Fomentar un bo clima de relacións sociais (respecto e tolerancia).
- Favorecer o uso de distintos materiais e recursos para que podan manipular e experimentar.
- Empregar distintos espazos e recursos dentro e fóra da aula.
- Introducir a avaliación do contexto de aula (avaliación continua, valorar o traballo diario, os intereses, a participación, traballos individuais e grupais, ...)
- Concretar e/ou facilitar os contidos mínimos que deben estudar.
- Plantexar modificacións na forma de preguntar nas probas de avaliación (tipo test, de desenvolvemento, exames orais, preguntas de unir con frechas, preguntas curtas, secuenciar os pasos dun problema, distanciar as preguntas en distintas follas, empregar apoios visuais, uso das TICs, ...)
- Distribución do mobiliario na aula para mellorar a accesibilidade e a optimización da iluminación.
- Contratos didácticos co alumnado e coas familias.

11. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

12. Avaliación da programación didáctica

Periodicidade coa que se revisará: cada ano, a principio de curso

Indicadores

	Escala			
	1	2	3	4
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
Adecuación da secuenciación dos estándares para cada avaliación.				
Adecuación dos estándares mínimos para a promoción do alumnado.				
Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
Concreción dos elementos transversais.				
Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
Adecuación do libro de texto.				
Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado.				
Adecuación da proba de avaliación inicial.				
Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua.				

Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

13.Pautas para a educación en tempo de confinamento. Orientacións para elaborar traballos durante a pandemia.

1.- Horario: Seguirase o horario espello establecido no plan de continxencia do centro para o curso 2021-2022.

2.- Recursos tecnolóxicos para a educación a distancia: Utilizarase preferentemente a Aula Virtual do Centro, onde estarán aloxados e secuenciados, coa antelación suficiente, contidos e actividades.

3.- Estrutura das unidades didácticas:

Para traballar os contidos seleccionados podemos facer tres bloques de actividades:

Bloque 1.- Presentación dos novos contidos por parte do profesor/a:

- Presentarémolle ao alumnado os contidos que imos traballar e ofrecerémolle unha explicación clara, ben estruturada dende o punto de vista lóxico, usando videos, esquemas ou imaxes, seleccionados de internet, ou ben textos, arquivos de audio e/ou video, presentacións... creados por nós.
- Debemos comunicarlle que é moi importante entender o que se explica e que se non fose así debe comunicarllo ao profesorado para que este se poña en contacto con el e busque a mellor maneira de que chegue a comprender o que non entende.

Bloque 2.- Práctica e afianzamento das novas aprendizaxes.

Unha vez dada a explicación o profesorado propoñerlle unha serie de exercicios ou actividades nos que o alumno deberá practicar as aprendizaxes que lle foron presentadas e demostrar que as ten ben adquiridas. As actividades deben ser dunha complexidade similar á das explicacións previas para que o alumnado poida realizalas autonomamente.

Bloque 3.- Xeneralización de aprendizaxes. Conexión con outras aprendizaxes previas. Reforzo. Ampliación. Creación.

Neste bloque entrarían aquelas actividades que poden non estar vinculadas estritamente cos novos contidos seleccionados e traballados no tema pero que nos parecen de moito interese:

- Exercicios de repaso do esencial da área.
- Actividades de creación, a proposta do profesor/a correspondente ou de departamentos ou organismos externos (biblioteca escolar, por exemplo).
- Actividades de razoamento, de análise da realidade, de experimentación...
- Actividades de reforzo (da mesma complexidade das traballadas no núcleo do tema), para alumnos que non chegaron a adquirir as aprendizaxes clave da unidade didáctica.
- Actividades de “recuperación” de aprendizaxes traballados en temas anteriores, pero que para algúns supoñen lagoas a superar.
-